


## 1.- TÍTULO: A WEB INÁMICA.

## 2.- XUSTIFICACIÓN.

**O Punto de partida do centro no referente ao desenvolvemento do traballo** é ideal dende un punto de vista formativo pois trátase dun centro con experiencia nas distintas modalidades de formación ao longo dos anos completada pola súa integración na rede TIC de centros da Consellería de Educación.

**O contexto** de traballo constante no mundo das TIC que mantense pese a mobilidade do persoal definitivo nos sucesivos concursos de traslados e as sucesivas vacantes producidas ,define ao centro como referente na actualización da formación dos seus mestres, dos medios e dos recursos para a aplicación das tecnoloxías da información e da comunicación na comunidade educativa.

**A formación** está acreditada polo traballo desenrolado polos distintos grupos de traballo e seminarios constituídos no Centro que é ampla, e os seus materiais editados tamén. O Seminario Permanente "Rato Novo" ou os cursos de formación no centro e grupos de traballo sobre ferramentas de autor, encerados dixitais interactivos e outros recursos así o demostran. Actualmente o chamado "nivel usuario" é común entre o profesorado e o emprego dos recursos das TIC é habitual por parte do alumnado do centro.



**A experiencia previa** na edición da páxina web do centro visible para a comunidade educativa concreouse no traballo de edición dunha páxina estática editada con software específico baixo licenza da propia Consellería de Educación e mantida con actualizacións FTP. Tamén editouse unha páxina interna para a intranet escolar e incorporouse unha plataforma autónoma "Hiparcos" para compartir os recursos dispoñibles.



[www.arzua.biz](http://www.arzua.biz) <http://centros.edu.xunta.es/ceipdearzua/webantiga/> <http://centros.edu.xunta.es/ceipdearzua/> <http://arzua/enl/index.html>

**A detección de necesidades para a identificación da área de mellora** é sinxela pois a propia evolución das tecnoloxías e con ela da rede amosan un panorama completamente distinto. Actualmente a edición en liña dunha web por parte de distintos administradores, editores e usuarios xa é común, así como a configuración na súa propia comunidade na rede con distintos formatos e posibilidades de interacción, polo que **a adopción dunha "web dinámica" é unha necesidade para o Centro** máis que unha opción máis, e sobre todo tendo en conta a oferta da propia Consellería para desenvolve-la dende a nosa comunidade.

Por elo xa non podemos continuar cun único administrador ou editor dunha web estática cando o colexio dispón de amplos recursos e necesidades creadas para o deseño, a creación e o mantemento dunha web dinámica por parte da meirande parte dos seus membros.

Atopamos tres necesidades fundamentais para dar resposta a través da participación do profesorado, do alumnado e do colectivos dos pais,nais e titores legais do alumnado do Centro:

1.- Necesidade administrativa de comunicación constante e información permanentemente actualizada na rede entre os distintos sectores da comunidade educativa:

1.1.- Entre a Dirección do centro, Xefatura de Estudos e Secretaria coa profesorado, alumnado e familias.

1.2.- Entre os distintos equipos e departamentos co resto da comunidade educativa (Equipo da Biblioteca Escolar, Normalización Lingüística, Departamento de Orientación, Equipo Tic, Ciclos, Actividades extra escolares e complementarias...)

1.3.- Entre os respectivos niveis a través das distintas titorías e especialidades ( Idioma estranxeiro, Música, Educación Física, Pedagogía Terapéutica, Audición e Linguaxe...)

1.4.- Entre as familias do alumnado do centro.

1.5.- Servizos (Comedor Escolar, Transporte,...).

2.- Necesidade pedagóxica de intervención didáctica a través dos recursos da web e de creación de contidos educativos significativos para o centro:

2.1.- Creación de contidos curriculares propios para a web por parte do profesorado.

2.2.- Realización de actividades en liña por parte do alumnado.

2.3.-Asunción de distintos recursos de comunicación na web (foros, blog, ...)

2.4.-Soporte para os contidos creados (galerías de imaxes, arquivos,...).

2.5.- Mellora dos procesos de ensino aprendizaxe por medio da interacción na web.

3.- Necesidade de divulgación institucional das diversas actuacións e distintas actividades do centro dentro da comunidade e da súa colaboración e participación con distintos estamentos, asociacións e entidades:

3.1.- Translación a web de parte dos materiais educativos creados no centro.

3.2.- Divulgación de experiencias significativas desenvolvidas nas aulas.

3.3.- Desenvolvemento da información xerada pola participación en distintos plans e proxectos por parte do alumnado e profesorado do centro: plan valora, anticipación do idioma estranxeiro na educación infantil, proxecto TIC, escolas viaxeiras, proxecto lector,...

3.4.- Dar a coñecer as investigacións realizadas no centro: unidades didácticas experimentais, pantallas interactivas de baixo custo,...

3.5.- Recompilación da información social e institucional a través de distintos canles entre os que podemos atopar o propio correo electrónico, foros,...

**A autoavaliación da práctica educativa da que se parte** é positiva aínda que como na maioría dos centros falla a aplicación sistemática das TIC de xeito cotián na aula como un elemento similar ao libro de texto ou caderno de traballo, polo que a asimilación dos procesos de ensino aprendizaxe activos require o acceso práctico dos recursos e contidos educativos por medio da propia web dinámica que recompila e focalice a maioría da información, experiencias, recursos e dinámicas das TIC para o centro.

**A implicación do profesorado** é moi alta e se nesta ocasión participan do proxecto de formación un número menor que noutras ocasións é debido fundamentalmente a outros compromisos referentes para o centro que o complementan pero que tamén delimitan a dispoñibilidade horaria ,e polo tanto tamén o compromiso persoal.

Referímonos a seminarios permanentes, grupos de traballo, participación no plan valora e nos distintos traballos cunha carga de implicación similar.

Parte do profesorado emprega os tres encerados dixitais interactivos presentes no centro (apoio ao 2º Ciclo de Infantil, aula informatizada e aula de audiovisuais) ademais dos equipos en rede da propia aula informatizada e case a totalidade emprega o seu propio computador de aula. Destacan tanto os programas comerciais e de autor como os presentes na rede e proporcionados polas distintas institucións, consellerías, organismos, entidades, fundacións, seminarios, grupos, redes sociais,....

**A importancia do proxecto para a práctica pedagóxica, organizativa e de funcionamento do centro é vital pois trátase dun centro de ensino do ámbito rural** en que a meirande parte das familias non teñen garantido o seu acceso a rede internet e polo tanto o propio desenvolvemento do alumnado nas competencias dixitais non é completado nin complementado nos seus fogares como noutras zonas. Neste senso o Centro xa fixera unha primeira labor divulgativa coa edición de balde dun cd-rom que recompilou máis de cento cinco programas educativos e utilidades para o ensino., pero nesta ocasión queremos dar oportunidade a toda a comunidade de sentirse partícipes dende calquera lugar cun punto de conexión á rede, sexa dende o propio Centro dende a aula de informática do Concello, dende a Biblioteca municipal, dende os fogares conectados ou dende outros lugares dende os que teñan acceso á rede internet.

Tamén é importante para a propia organización interna pois como noutros centros a proliferación , a veces simultánea , de distintos sistemas operativos, programas e recursos fan que perdamos potencialidades e incluso métodos e recursos xa adquiridas ao longo do tempo de por medio da experiencia. Así pois **a web dinámica parécenos o mellor punto de encontro para sumar e atopar todas as capacidades das que dispoñemos para poñelas en valor educativo operativo tanto no centro, como na aula ou no fogar.**

### **3. OBXECTIVOS DE FORMACIÓN E DE REPERCUSIÓN NA PRÁCTICA DOCENTE**

3.1.- Proporcionar ao mestre os recursos e as ferramentas para a adquisición das habilidades e destrezas necesarias para aplicar o modelo de ensino-aprendizaxe centrado no alumno e na colaboración dentro do grupo aula.

3.2.- Coñecer e desenvolver os obxectivos, contidos e actividades dos recursos propios da comunicación (transmisivos, colaborativos, e interactivos) para a actividade docente centrada nas tecnoloxías da información e da comunicación.

3.3.- Empregar e administrar os diferentes e diversos xestores de contidos presentes na rede (portal web, aula virtual , foros, wikis, galerías, repositorios, blogs, lms,...)

3.4.- Desenrolar estratexias específicas para as TIC dentro da aula e divulgalas ao resto da comunidade educativa fomentando a colaboración o traballo interdisciplinar en equipo.

3.5.- Avaliar e investigar as repercusións didácticas tanto das tecnoloxías como das metodoloxías aplicadas nos modelos de comunicación desenvolvidos.

**A repercusión na actividade docente entre o propio profesorado** podémola concretar nas nosas propias aspiracións da desexada competencia dixital amosadas na web dinámica do centro, e a adopción dun modelo máis dinámico e colaborativo. Neste senso pretendemos empregar os medios tecnolóxicos dispoñibles para adoptar os novos recursos didácticos que nos proporcionan para acadar un ensino máis activo. Por elo expoñer, documentar e complementar o traballo da aula por medio dos recursos dispoñibles na web dinámica do centro, mediante a edición dixital con distintos formatos (novas, blogs, artigos, páxinas, galerías,...) é un primeiro paso

necesario para incorporar tódolos esforzos a un proxecto común no seo da comunidade.

Tamén a interacción co alumnado, propoñendo a realización de tarefas e actividades facilitando o intercambio de ideas e opinións co alumnado do centro e coa comunidade educativa é unha aspiración que debe supoñer a adopción das novas estratexias necesarias para a aprendizaxe significativa dentro da comunidade.

Todo elo para acadar o logro de sistematizar o emprego das tecnoloxías da información e da comunicación dentro da aula ao longo do curso escolar en colaboración cos demais membros da comunidade educativa.

**A repercusión na actividade docente entre o alumnado** podémola concretar no que desexamos como mestres que faga o noso alumnado na web dinámica do centro:

- 1.- Que fagan unha redacción, debuxen ou anoten un comentario que complementa o traballo previo sobre un tema proposto na aula ou por eles mesmos, e que o envíen á nosa páxina dinámica para facerlles comentarios sobre o os seus propios traballos presentados.
- 2.- Que comenten, propoñan e valoren os traballos e ideas dos demais para acadar un pequeno traballo en común que poidan expoñelo á comunidade como colectivo do seu respectivo grupo ou grupo-aula.
- 3.- Que empreguen un vocabulario mínimo e específico para acadar os conceptos básicos na procura da propia competencia dixital desexada.
- 4.- Que coñezan, lean, anoten e recompilen información significativa presenten na rede acorde cos seus intereses e niveis educativos.
- 5.- Que se sintan partícipes conxuntamente coas súas respectivas familias da comunidade educativa por medio da súa presenza na web dinámica do centro.

#### **4. PROGRAMA DE CONTIDOS E ACTIVIDADES COA SÚA TEMPORALIZACIÓN**

##### **4.1.- CONTIDOS**

- 1.- Introdución a Internet: Historia e evolución. Servizos máis populares de Internet. Internet como recurso didáctico e medio de comunicación e colaboración eficaz. Exemplos prácticos
- 2.- Páxinas web dinámicas: características e exemplos prácticos (evolución e concepto). Procesos na elaboración dunha páxina web: deseño, creación, edición, proba e mantemento (ferramentas, opcións, estratexias e tecnoloxías).
- 3.- Sistemas de Xestión de Contidos (CMS): Vantaxes e inconvenientes.
- 4.- Características, organización e distintos elementos que compoñen a web dinámica. Administración ,menús, compoñentes, módulos, seccións, categorías e contidos
- 5.- Desenvolvemento temático da web dinámica. Localización da información e dos recursos (textos, imaxes, ligazóns, arquivos, ...). Deseño e organización da Web para o alumnado (creación de seccións e categorías) .
- 6.- Procura e instalación de compoñentes e módulos a utilizar. Introdución de información e tarefas de administración da Web.
- 7.- Personalización da web : modificación, localización e instalación de varios deseños e novos elementos personalizados.
- 8.- Introdución de información e tarefas de administración da Web II
- 9.- Exemplo práctico dunha páxina dinámica para comprobar o seu funcionamento e realizar as tarefas de administración da mesma.
- 10.- Aplicacións didácticas da web e na web na propia aula presencial e na aula virtual.

##### **4.2.- ACTIVIDADES**

Os modelos de sistemas de xestión de contidos (Content Management System ou CMS) permiten publicar de forma instantánea textos ou imaxes cuns mínimos coñecementos de edición. Difundir unha información importante, iniciar debates nun foro ou facer circular a máis variada información. Estas son algunhas das múltiples

utilidades e actividades que están ao alcance de calquera mestre usuario da páxina dinámica do centro:

- 1.- Navegar pola internet na procura de exemplificacións de diferentes webs dinámicas con fins educativos, identificando os seus propios medios e recursos didácticos.
- 2.- Explorar e experimentar os procesos e métodos de creación, elaboración e mantemento dunha web dinámica.
- 3.- Recoñecer as potencialidades didácticas e a súa versatilidade nos procesos de comunicación e interacción docente dentro da comunidade educativa.
- 4.- Publicar novas, anuncios, convocatorias ou documentos por parte dos responsables ou de calquera membro dos equipos, dos departamentos, e das titorías do colexio cun fin administrativo, divulgativo e/ou didáctico.
- 5.- Participar no deseño e na elaboración dos proxectos, dos servizos e da propia oferta educativa do centro.
- 6.- Engadir á web documentos, materiais e recursos educativos para a súa aplicación.
- 7.- Descargar documentos, impresos oficiais, recursos e materias da propia web.
- 8.- Crear formularios, engadir mensaxes e comentarios de correo e nos foros.
- 9.- Crear galerías fotográficas con fins didácticos.
10. Avaliar os procesos de aprendizaxe por medio da propia web dinámica do centro.

#### 4.3.- TEMPORALIZACIÓN

Semestral ao longo de cincuenta horas de formación repartidas en sesións de tres, dúas e dunha hora de duración, durante o ano académico 2008-2009.

### **5. METODOLOXÍA QUE SE PRETENDE SEGUIR E PROCEDIMENTOS DE TRABALLO PREVISTOS.**

O noso colexio conta con persoal con coñecementos e experiencia na xestión de servizos de internet suficientes como para pór en marcha esta iniciativa e formar a outros profesores no seu manexo. O interese polas novas tecnoloxías é moi importante entre os profesores iniciados e son tamén moitos os que continúan demandando formación personalizada no centro neste campo.

Unha vez presentado o proxecto e obtida a súa aprobación para a posta en práctica do mesmo procederáse cos seguintes pasos:

- 1.- Actualización dos medios e recursos (hardware e software) postos á nosa disposición pola propia administración educativa (servizo de web dinámica, rede de centros, e asesoramento) no Centro.
- 2.- Posta en marcha do servizo operativo da web dinámica para o centro.
- 3.- Reparto e asignación de tarefas e responsabilidades.
- 4.- Desenrolo das actividades previstas para asesores, formadores, administradores, xestores e usuarios.
- 5.- Formación especializada por medio de tres tipos de sesións: expositivas, prácticas e avaliativas en grupo, e as de aprendizaxe e asesoramento "bis a bis" segundo a temporalización específica.

A nosa metodoloxía activa aplicada será o **descubrimento guiado, a asignación de tarefas e a resolución de problemas**. Para o seguimento do traballo empregaremos material baseado principalmente nos manuais propios dos recursos e medios empregados, así como en determinadas guías, vídeos e páxinas web sobre a temática tratada.

Nas sesións ordinarias de docencia abriremos o campo para o aprendizaxe intuitivo e a autoavaliación baseada na repetición dos procesos descritos, a través de códigos significativos para tódolos membros..Unha vez acadadas as metas, o traballo conxunto

pasará a expoñerse nas reunións en grupo, que servirán de guía e **feed-back** no proceso final para ser posteriormente aplicado e avaliado como recurso didáctico no grupo-aula de cada un dos membros.

Partido pois dun proxecto inicial de web dinámica valeira de contidos, recursos e procesos na interacción e comunicación entre a comunidade educativa, analizaremos os resultados finais obtidos despois das distintas sesións de aprendizaxe medindo os resultados acadados tanto nos contidos coma nos recursos e procesos resultantes da actividade formativa.

## 6. ORGANIZACIÓN DE RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS.

Do colectivo de mestres do CEIP de Arzúa que pretenden formarse na web dinámica para o Centro, **un terzo amosan un nivel de usuario avanzado e os restantes un nivel de usuario**. Todos eles contan cunha preparación mínima ou suficiente no emprego das tecnoloxías da información e da comunicación como para acadar os obxectivos do proxecto de formación. Este colectivo consta de especialistas e titores que dun xeito ou doutro empregan os novos medios nas súas aulas ou materias ben como apoio ou dun xeito habitual tanto dentro da aula coma fóra dela (aula informatizada, espazos administrativos,...).

O feito de contar con os dous niveis mencionados anteriormente permítenos conxugar o aprendizaxe por grupos reducidos ( un nivel experto con dous usuarios) ou "bis a bis" (un nivel avanzado cun nivel usuario) dentro das horas dispoñibles de permanencia no centro non lectivas. Esta organización é posible grazas a que os niveis expertos tamén contan cun maior horario dispoñible e/ou máis flexible froito das súas responsabilidades e tarefas asignadas no Centro (Coordinador TIC, Orientación, Secretaría, Audición e Linguaxe...) e que tamén adaptouse na propia organización horaria do centro para coincidir nas sesións de formación con algúns dos demais usuarios. Por outra parte gran parte do profesorado do presente proxecto de formación no centro son integrantes do Equipo TIC cun horario específico para o apoio e atención do desenvolvemento das novas tecnoloxías.

Igualmente as sesións expositivas foron deseñadas para a formación de expertos asignados polo asesoramento do Centro de Formación e Recursos de Santiago de Compostela, en sesións cunha duración máxima de tres horas ; e dentro das sesións formativas en gran grupo tamén contemplamos as sesión de avaliación e de práctica co grupo-aula.

**Os recursos materiais cos que conta o centro son equipos informáticos de moi distintas características pero dos que podemos destacar pola súa funcionalidade** para o curso de formación no centro son:

- Aula de audiovisuais con distintos equipos de reprodución audiovisual ademais dun encerado dixital interactivo cun equipo informático conectado a rede.
- Aula informatizada do centro con doce quipos conectados a rede e unha pantalla interactiva.
- Aula de apoio de Infantil dunha pantalla interactiva e un equipo conectado á rede.
- Equipos informáticos dispoñibles nas aulas e nos espazos administrativos do centro.
- Software proporcionado pola Consellería de Educación, polas distintas administracións, entidades, asociacións e organizacións educativas ou culturais, e software de autor e recursos de produción propia.



- Espazo web e acceso a rede da propia Consellería de Educación e Ordenación Universitaria: UAC, SEM, Rede TIC,...

## 7. ESTABLECEMENTO DE CRITERIOS E PROCESOS PARA A AVALIACIÓN.

A análise e valoración das producións do grupo e da docencia recibida realizarase coa avaliación da exposición docente, a avaliación continua do rendemento didáctico da produción realizada e do valor colectivo da mesma, así como coa **autoavaliación** do proceso de ensino-aprendizaxe. Ao remate das **sesións de aprendizaxe en grupo** cada un dos membros afianzará os conceptos e procedementos vistos a través da repetición dos mesmos e a resolución de problemas ou tarefas asignadas en consonancia cas expectativas plasmadas nos obxectivos do traballo. Os resultados desta avaliación determinará o traballo a realizar por cada quen na próxima sesión (reforzar, adaptar ou suplementar tantos as estratexias como as metodoloxías aplicadas).

Nas **sesións de asesoramento** a exposición dos deseños e actividades propostas constituirá en si mesma unha **avaliación formativa** a través da posta en práctica dos procedementos e criterios empregados, así como das dificultades atopadas e as solucións requiridas.

Todas as valoracións e avaliacións contarán como mínimo con tres modelos específicos ( A1, A2 e A3) para cada tipo unha vez desenvolvidos os obxectivos, contidos e procedementos tanto por parte dos docentes (relatores) como nas propias sesións de aprendizaxe en grupo ou "bis a bis" e as prácticas co grupo-aula.

A **aplicación e a repercusión do proxecto na práctica educativa** e didáctica será igualmente valorada por medio do seguimento por medio de enquisas previas de diagnóstico a situación de partida e de ponderación da situación ao remate do curso de formación ( B1 e B2 ).

Tanto a metodoloxía empregada, como o grao de satisfacción do grupo co traballo realizado, a organización dos recursos humanos e materiais, as reflexións realizadas, logros e incidencia do proxecto no centro, así como as propostas de mellora e de continuidade do traballo serán plasmadas nun modelo de recompilación de datos do curso ( C1 ) unha vez rematado.

## 8. TEMPORALIZACIÓN: CALENDARIO E HORARIO PREVISTOS PARA A REALIZACIÓN DO PROXECTO.

Ao longo de cincuenta horas de formación ao longo do 1º e 2º trimestre do ano académico 2008-2009 repartidas en cinco sesións de docencia de tres horas de duración (15 horas) ; dez sesións expositivas e avaliativas en grupo, de dúas horas de duración (20 horas), e quince sesións dunha hora de aprendizaxe e asesoramentos bis a bis distribuídas no horario específico para o apoio as TIC e libres de docencia (15 horas).

O calendario das primeiras estará marcado pola propia dispoñibilidade dos docentes e asesores a cargo do Centro de Formación e Recursos de Santiago de Compostela; as

segundas cunha frecuencia semanal, e as terceiras determinadas polo propio horario individual do profesorado. Estas dúas últimas modalidades complementaranse podendo realizarse nunha mesma data grazas a simultaneidade da formación dentro do horario lectivo (libre de docencia) e do horario formativo (fóra do horario lectivo).

| SETEMBRO 2008 |    |                                   |    |    |    |    | OUTUBRO 2008 |    |    |    |    |    |    | NOVEMBRO 2008 |    |    |    |    |    |    | DECEMBRO 2008      |            |    |    |    |    |    |
|---------------|----|-----------------------------------|----|----|----|----|--------------|----|----|----|----|----|----|---------------|----|----|----|----|----|----|--------------------|------------|----|----|----|----|----|
| L             | M  | M                                 | X  | V  | S  | D  | L            | M  | M  | X  | V  | S  | D  | L             | M  | M  | X  | V  | S  | D  | L                  | M          | M  | X  | V  | S  | D  |
| 1             | 2  | 3                                 | 4  | 5  | 6  | 7  |              |    | 1  | 2  | 3  | 4  | 5  |               |    |    |    |    | 1  | 2  | 1                  | 2          | 3  | 4  | 5  | 6  | 7  |
| 8             | 9  | 10                                | 11 | 12 | 13 | 14 | 6            | 7  | 8  | 9  | 10 | 11 | 12 | 3             | 4  | 5  | 6  | 7  | 8  | 9  | 8                  | 9          | 10 | 11 | 12 | 13 | 14 |
| 15            | 16 | 17                                | 18 | 19 | 20 | 21 | 13           | 14 | 15 | 16 | 17 | 18 | 19 | 10            | 11 | 12 | 13 | 14 | 15 | 16 | 15                 | 16         | 17 | 18 | 19 | 20 | 21 |
| 22            | 23 | 24                                | 25 | 26 | 27 | 28 | 20           | 21 | 22 | 23 | 24 | 25 | 26 | 17            | 18 | 19 | 20 | 21 | 22 | 23 | 22                 | 23         | 24 | 25 | 26 | 27 | 28 |
| 29            | 30 | Inicio do Curso e Comedor Escolar |    |    |    |    | 27           | 28 | 29 | 30 | 31 | 24 | 25 | 26            | 27 | 28 | 29 | 30 | 29 | 30 | 31                 | Inmaculada |    |    |    |    |    |
|               |    |                                   |    |    |    |    |              |    |    |    |    |    |    |               |    |    |    |    |    |    | Vacacións de Nadal |            |    |    |    |    |    |

| XANEIRO 2009       |    |    |    |    |    |    | FEBREIRO 2009 |    |    |    |    |    |    | MARZO 2009                 |    |    |    |    |    |    | ABRIL 2009 |    |                           |    |    |    |    |   |   |
|--------------------|----|----|----|----|----|----|---------------|----|----|----|----|----|----|----------------------------|----|----|----|----|----|----|------------|----|---------------------------|----|----|----|----|---|---|
| L                  | M  | M  | X  | V  | S  | D  | L             | M  | M  | X  | V  | S  | D  | L                          | M  | M  | X  | V  | S  | D  | L          | M  | M                         | X  | V  | S  | D  |   |   |
|                    |    |    |    | 1  | 2  | 3  | 4             |    |    |    |    |    |    | 1                          |    |    |    |    |    |    | 1          |    |                           |    | 1  | 2  | 3  | 4 | 5 |
| 5                  | 6  | 7  | 8  | 9  | 10 | 11 | 2             | 3  | 4  | 5  | 6  | 7  | 8  | 2                          | 3  | 4  | 5  | 6  | 7  | 8  | 6          | 7  | 8                         | 9  | 10 | 11 | 12 |   |   |
| 12                 | 13 | 14 | 15 | 16 | 17 | 18 | 9             | 10 | 11 | 12 | 13 | 14 | 15 | 9                          | 10 | 11 | 12 | 13 | 14 | 15 | 13         | 14 | 15                        | 16 | 17 | 18 | 19 |   |   |
| 19                 | 20 | 21 | 22 | 23 | 24 | 25 | 16            | 17 | 18 | 19 | 20 | 21 | 22 | 16                         | 17 | 18 | 19 | 20 | 21 | 22 | 20         | 21 | 22                        | 23 | 24 | 25 | 26 |   |   |
| 26                 | 27 | 28 | 29 | 30 | 31 | 23 | 24            | 25 | 26 | 27 | 28 | 23 | 24 | 25                         | 26 | 27 | 28 | 29 | 27 | 28 | 29         | 30 | Vacacións de Semana Santa |    |    |    |    |   |   |
| Vacacións de Nadal |    |    |    |    |    |    | Entroido      |    |    |    |    |    |    | 30 31 S.Xosé-Día do ensino |    |    |    |    |    |    |            |    |                           |    |    |    |    |   |   |



SESIÓNS EXPOSITIVAS EN GRUPO (2 horas)



SESIÓNS DE DOCENCIA E ASESORAMENTO (3 horas)

- O calendario do resto das sesións está determinado polo propio horario individual do profesorado presente na Programación Xeral Anual e DOC do Centro

Tres tipos de sesións conxúganse na procura do mellor aproveitamento didáctico na formación do profesorado na creación e na posta en práctica do emprego da web dinámica do centro:

- 1.- Sesións de exposición a cargo de persoal especializado na materia.
- 2.- Sesións de aprendizaxe en grupo (prácticas e avaliativas)
- 3.- Sesión de aprendizaxe e asesoramento "bis a bis".



## 9. NECESIDADES ORZAMENTARIAS.

O proxecto contará cun orzamento total para o seu desenvolvemento de 1500 € do cal un 30% (450 €) corresponde á docencia e intervención de persoas expertadas, e o restante a material funxible, bibliografía e desprazamentos.

| Conceptos                                | Nº aproximado | Gasto estimado | Cantidade Total |
|--|---------------|----------------|-----------------|
| <b>MATERIAL FUNXIBLE:</b>                |               |                |                 |
| <b>Material informático:</b>             |               |                |                 |
| • Cd-r/Cd-rw/DVD.....                    | 12<24         |                | <b>40 €</b>     |
| • Memorias USB.....                      | 12            |                | <b>480 €</b>    |
| <b>Reprografía: (libre distribución)</b> |               |                |                 |
| ○ Manuais.....                           | 12            |                | <b>30 €</b>     |
| ○ Fotocopias orixinadas.....             | 120<1200      |                | <b>50 €</b>     |
| <b>DOCENCIA: 15 horas ( 5 sesións)</b>   |               |                |                 |
| Docentes expertos                        |               |                | <b>450 €</b>    |
| Desprazamentos                           |               |                | <b>450 €</b>    |
|  |               | <b>TOTAL</b>   | <b>1.500 €</b>  |

## 10. CERTIFICACIÓN.

Dona María del Carmen Casal Tato , Secretaría do CEIP de Arzúa fai constar que non se ten solicitado nin recibido no Centro ningunha axuda económica para o Proxecto de Formación no Centro "Web dinámica" e igualmente fai constar expresamente polo que CERTIFICA que o proxecto mencionado foi informado ao Claustro na súa sesión ordinaria do día 9 de Setembro de 2008 e ao Consello Escolar na sesión ordinaria do 1 de Outubro de 2008, estando integrado na Programación Xeral Anual do Centro.

Para que así conste aos efectos de notificación na súa solicitude, o asina en

Arzúa a 3 de Outubro de 2008.

Asdo:María del Carmen Casal Tato.